



DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL FORMULADA POLA DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL, SOSTIBILIDADE E CAMBIO CLIMÁTICO RELATIVA AO PROXECTO DO PARQUE EÓLICO A PICOTA II E A SÚA LIÑA DE EVACUACIÓN, NO CONCELLO DE MAZARICOS (A CORUÑA), PROMOVIDO POR VILLAR MIR ENERGÍA, S.L.U. (CLAVE 2021/0030)

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, en base ás súas competencias para resolver este expediente ambiental segundo o Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e de conformidade coa proposta do Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, que a continuación se transcribe:

A Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, establece no seu artigo 7.1.d) que os proxectos comprendidos no apartado 2 do artigo 7 serán obxecto dunha avaliación de impacto ambiental ordinaria cando así o solicite o promotor.

Entre os proxectos do dito apartado 2 figuran os comprendidos no anexo II da lei. Este sería o caso da actuación pretendida, dado que o proxecto encádrase nos supostos b) e g) do Grupo 4 do dito anexo II.

O promotor presenta un estudo de impacto ambiental do proxecto, e o órgano substantivo na súa remisión ao órgano ambiental, solicita a tramitación da declaración de impacto ambiental.

Considerando o anterior, o proxecto someteuse ao trámite de avaliación de impacto ambiental ordinaria e, téndose practicado o referido procedemento, procede formular a correspondente declaración de impacto ambiental (DIA), de acordo co disposto no artigo 41 da dita Lei 21/2013.

1. INFORMACIÓN SOBRE O PROXECTO

1.1. Promotor e órgano substantivo

O promotor do proxecto é a sociedade Villar Mir Energía S.L.U. e o órgano substantivo a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación.

1.2. Antecedentes, obxecto do proxecto, descrición e localización

De acordo co estudo de impacto ambiental, o proxecto ten por obxecto a execución dun parque eólico de 21 MW de potencia total no concello de Mazaricos (A Coruña), composto por 5 aeroxeradores e a súa infraestrutura asociada, que se localizarán dentro do polígono definido polas coordenadas UTM que se indican no punto 3 desta DIA.

As características principais do proxecto son as seguintes:

- Número de aeroxeradores: 5
- Modelo previsto: Vestas V-136
- Potencia nominal unitaria: 4,20 MW
- Potencia total instalada: 21 MW
- Altura de buxa: 112 m
- Diámetro de rotor: 136 m
- Orzamento (execución material): 20.607.622,85 €

A solución de evacuación consiste nunha liña eléctrica subterránea a 30kV duns 4.646 m de lonxitude que vai do centro de seccionamento e control do parque ata a subestación do parque eólico A Picota.

A configuración final do proxecto é resultado das modificacións introducidas durante a tramitación do expediente, a raíz dos informes do Instituto de Estudos do Territorio (IET) e, principalmente, da





dirección Xeral de Patrimonio Cultural sobre o estudo de impacto ambiental (EsIA), polos que se modifican os accesos e gabias e se eliminan os aeroxeradores PII-01 e PII-04 para reducir varias afeccións, entre a que destaca a visibilidade dende o Camiño de Santiago.


A obra civil inclúe a apertura duns 1.291 m de novos vieiros de acceso e servizo ás instalacións, así como o acondicionamento, para o mesmo fin, de 2.504 m de pistas ou camiños existentes. A sección tipo terá uns 6 m de anchura e contará con cunetas e drenaxes transversais para evitar a circulación de augas sobre o firme dos diferentes camiños do parque. Así mesmo escavaranse 8.811 m de gabias para soterrar o cableado de media tensión e comunicacións e a liña de evacuación que vai dende centro de seccionamento ate a subestación do parque eólico A Picota. Destes 8.811 m, aproximadamente 8.315 m correspóndense con gabias paralelas a vieiros existentes e o resto baixo vieiros en cruces de calzadas ou ao longo de camiños e cortalumes existentes.

Acondicionarase na base dos aeroxeradores unha plataforma para almacenaxe das pas e montaxe dos mesmos. Así mesmo, prevese o acondicionamento dunha zona adicional para o acopio de pas. A superficie destinada a campamento de obra, acopio e punto limpo estará acondicionada nas inmediacións do centro de seccionamento e presentará unha forma rectangular de 100x 45 m². Prevese tamén a instalación de varias zonas para a montaxe e desmontaxe da grúa de celosía localizadas a carón dos vieiros e distribuídas ao longo do parque.

A poligonal de delimitación do proxecto ven definida polas seguintes coordenadas UTM (ETRS89, fuso 29):

Vértice	UTM-X	UTM-Y
a	503.665	4.757.715
b	505.870	4.757.715
c	505.870	4.754.955
d	501.800	4.754.955
e	501.800	4.756.750
f	503.050	4.757.525

Inclúese a continuación un bosquejo do proxecto coa configuración do proxecto:





2. TRAMITACIÓN E ANÁLISE DO EXPEDIENTE

2.1. Resumo da tramitación

Segundo a documentación achegada o 21.07.2020, Villar Mir Enerxía, S.L.U. solicitou a autorización administrativa previa e de construción para o parque eólico A Picota II, ao abeiro da Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, presentando a documentación técnica necesaria para a tramitación do expediente.

Logo diso, e de conformidade co disposto na Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de compensación ambiental, na redacción dada pola referida Lei 5/2017, a entón Dirección Xeral de Enerxía e Minas iniciou o procedemento de autorización administrativa das instalacións que comprende o referido parque eólico.

En canto ao trámite ambiental e como xa se sinalou, o proxecto sométese a avaliación de impacto ambiental (AIA) ordinaria conforme á Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

O 29.01.2021 recíbese na Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda un oficio da antedita Dirección Xeral de Enerxía e Minas no que solicita que o órgano ambiental lle facilite a relación de organismos e persoas interesadas aos que debe pedir informe para cumprir co trámite de consultas establecido no artigo 33.4 da citada Lei 8/2009. Achegan para iso, xunto coa solicitude do promotor, o EsIA e o Proxecto de execución (documentos de outubro 2020 e xullo 2020, respectivamente).

Da solicitude e documentación achegadas despréndese que, atendendo ao carácter potestativo da solicitude de elaboración do documento de alcance do EsIA segundo o artigo 33.2 da Lei 21/2013, o promotor do proxecto optou por prescindir deste trámite.

O 04.03.2021 a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, como órgano ambiental, remiúlle ao órgano substantivo a información solicitada e indicoulle unha serie de aspectos a ter en conta na tramitación da AIA ordinaria (información pública e consultas sobre o EsIA) e sobre o contido do expediente de avaliación de impacto ambiental que no seu momento tería que remitir ao órgano ambiental para continuar coa tramitación de cara a formular a DIA.

Mediante Acordo do 02.12.2021, da entón Xefatura Territorial da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación da Coruña (publicado no DOG núm. 241, do 17.12.2021), someteuse a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a declaración de utilidade pública, en concreto, a necesidade de urxente ocupación que iso implica, a autorización administrativa de construción, o EsIA e o proxecto de interese autonómico do proxecto do parque eólico A Picota II. Así mesmo, a dita xefatura territorial efectuou o trámite de consultas sobre o estudo de impacto ambiental.

O 28.12.2022 recíbese na antedita dirección xeral o expediente ambiental do proxecto, remitido pola, agora, Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais como órgano substantivo por razón da materia. Achegan para iso, xunto coa solicitude do promotor, o EsIA e o Proxecto de execución (ambos os dous documentos de novembro de 2020).

O 05.01.2023, o 10.01.2023 e o 12.01.2023 recíbese nesta consellería, a través da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, nova documentación relativa ao proxecto.

2.2. Resumo da análise técnica do expediente

O expediente de avaliación de impacto ambiental contén, entre outra documentación, o estudo de impacto ambiental (EsIA), o documento técnico do proxecto de execución, diversa documentación complementaria incorporada ao longo da tramitación, os anuncios e certificados de exposición pública, as alegacións ambientais e os informes recibidos como resultado dos trámites de información pública e de consultas sobre o EsIA e as súas addendas ou documentación complementaria de ser o caso.





■ En canto aos informes pódese indicar o seguinte:

- A Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, no seu informe do 22.04.2022, logo de expoñer os antecedentes e as consideracións legais e técnicas, analiza a documentación do expediente e realiza unha serie de consideracións sobre a mesma onde destaca as numerosas afeccións ao patrimonio, principalmente ao Camiño de Santiago. Finalmente informa sobre a necesidade de modificar o deseño do parque eólico de acordo a unha serie de consideracións expostas no propio informe.

En resposta ao dito informe o promotor sinala as medidas que prevé adoptar para cada unha das afeccións enumeradas, sendo a máis destacable a eliminación dos aeroxeradores PII-01 e PII-04 pola súa afección ao Camiño Santiago-Fisterra.

No seu segundo informe, do 22.12.2022, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, volve facer unha análise da documentación achegada e informa de xeito favorable as modificacións propostas no deseño do parque eólico, sen embargo segue considerando necesario completar o estudo de impacto ambiental, tendo en conta que coa valoración do mesmo poderían establecerse novas medidas correctoras. Consta no expediente resposta do promotor aceptando o contido do mesmo e aportando máis información.

- A Dirección Xeral de Patrimonio Natural, no seu informe do 01.10.2022, tras expoñer os antecedentes administrativos e facer un resumo do proxecto, indica que a zona onde se proxecta a instalación non ostenta ningunha figura de espazos naturais protexidos, das recollidas na Lei 5/2019, do 2 de agosto, de patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, e na Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, nin está comprendida dentro dos límites de ningunha área protexida por instrumentos internacionais. O proxecto non afecta a árbores ou formacións senlleiras, nin humidaes dos recollidos no Inventario galego de humidaes e tampouco a áreas prioritarias para avifauna ameazada e/ou zonas de protección da avifauna contra liñas eléctricas de alta tensión, segundo o establecido na Resolución do 18 de outubro de 2021. Sinala, así mesmo, que a zona de actuación atópase dentro do ámbito do Plan de recuperación da subespecie lusitánica da escribenta das canaveiras (*Emberiza schoeniclus* L.subsp. *Lusitanica* Steinbacher) en Galicia, nunha área tipificada como potencial. Informa, así mesmo, de que segundo o Atlas de hábitats naturais e seminaturais de España, localízanse teselas de hábitats naturais de interese comunitario. Recolle ademais un listado de especies de flora e fauna incluídas no Decreto 88/2007 do 19 de abril, polo que se regula o Catálogo galego de especies ameazadas (CGEA), puntualizando que a dita información corresponde a un ámbito territorial de 10x10 km, polo que unicamente proporciona unha primeira aproximación de cara á realidade da análise.

O informe incorpora un resumo das observacións efectuadas polo Servizo de Patrimonio Natural da Coruña, onde sinala, entre outras cuestións, varios exemplos de valores ornitolóxicos que poderían verse afectados pola implantación deste parque, como son as especies *Milvus milvus*, *Pandion haliaetus* e *Ciconia ciconia*.

Nas súas conclusións, a dirección xeral indica que da análise da documentación e das achegas do seu servizo provincial da Coruña, considera que se deben levar a cabo o cumprimento das medidas contempladas na documentación achegada e unha serie de consideracións, que enumera ao longo do informe.

O promotor, como resposta ao informe da dirección xeral, confirma tomar nota dos condicionantes expostos e manifesta a súa conformidade cos mesmos, excepto no sinalado para a protección de avifauna, concretamente respecto do sistema de detección e parada e do pintado de pas.

Posteriormente, o 29.12.2022 a Dirección Xeral de Patrimonio Natural emite un informe complementario respecto dos efectos sinérxicos e acumulativos deste parque dada a confluencia na mesma ADE de máis instalacións eléctricas. O novo informe considera para o





estudo das sinerxías os parques eólicos e as liñas de alta tensión que se atopan a menos de 5 km das instalacións, de tal modo que ten en conta 4 parques e unha LAT 220 kV. Observa a dirección xeral estas instalacións respecto de diferentes criterios, entre eles a localización. Neste caso, o proxecto analizado sitúase nunha contorna onde o alto nivel de ocupación podería xerar un efecto sinérxico, principalmente de tipo baleiro e/ou barreira sobre a avifauna pois existe unha longa aliñación de aeroxeradores de máis de 30km desde Vimianzo ata a ría de Noia que obriga ás aves a realizar grandes cambios de roteiro, co consecuente gasto enerxético que iso supón.

Finalmente a dirección xeral informa desfavorablemente o proxecto por presentar impactos acusados sobre o patrimonio natural e a biodiversidade, pois o impacto causado polo efecto sinérxico e acumulado sobre a avifauna e os quirópteros considerase crítico.

O promotor, na súa resposta do 10.01.2023, mostra a súa disconformidade co exposto pola dirección xeral expoñendo unha serie de conclusións respecto do mesmo. Consta, respecto a este escrito, un novo informe da Dirección Xeral de Patrimonio natural, do 15.01.2023 no que ratifican o xa indicado no seu informe do 29.12.2022, concluíndo que o proxecto presenta impactos acusados sobre o patrimonio natural e a biodiversidade.

- O Instituto de Estudos do Territorio emite un primeiro informe o 19.01.2022 no que se recolle o marco legal e a descrición do proxecto e resume o contido do estudo de impacto ambiental en relación coa paisaxe destacando que inclúe un estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP). A continuación caracteriza a paisaxe afectada polo proxecto e analiza o contido do EIIP, os efectos do proxecto sobre a paisaxe e as medidas de integración paisaxística propostas na documentación. Entre outras cuestións sinala que o contido do EIIP non se axusta completamente á lei 7/2008, de protección da paisaxe de Galicia, nin ao seu Regulamento. Sinala tamén, que o parque provocará unha intrusión visual vinculada ás infraestruturas do parque en posición dominante no relevo, e unha perda de calidade estética e visual dos cumios ao introducir elementos alleos á paisaxe natural visibles dende a contorna, onde se sitúa o Camiño de Santiago, o encoro da Ferverza e numerosos núcleos de poboación. Estes impactos veranse incrementados pola sinerxía producida por outros parques en tramitación e en funcionamento situados nas proximidades. Outros importantes impactos derivan da execución de novos camiños e plataformas de montaxe sobre a vexetación existente e fundamentalmente sobre campos de cultivo agrícola e por un tramo do percorrido da liña de evacuación, nas ladeiras do Monte Aro, situado sobre afloramentos rochosos.

Para rematar conclúe que os principais impactos deste proxecto sobre a paisaxe produciranse pola incidencia visual dos aeroxeneradores sobre o Camiño de Santiago e os núcleos de poboación máis próximos, así como a incidencia acumulada pola sinerxía con outros parques eólicos en explotación, autorizados ou que se están a tramitar nas proximidades. Remata o seu informe facendo unha serie de indicacións para completar o EIIP.

O promotor responde achegando o documento *Adenda al Estudio de Impacto e Integración Paisaxística. Parque eólico A Picota II. Febrero 2022*, ampliando a súa análise segundo as consideracións remitidas polo IET.

En relación con esta documentación, o IET emitiu un segundo informe o 28.03.2022 no que considera emendado o EIIP do proxecto e cumprimentado o disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do Regulamento da Lei 7/2008, enumera novamente os principais efectos sobre a paisaxe e lembra que as medidas correctoras determinadas no EIIP deben quedar oportunamente recollidas no proxecto.

O promotor como resposta achega un novo documento titulado *Adenda 2 al Estudio de impacto e Integración Paisaxística. Parque eólico A Picota II. Abril 2022*.

O IET, no seu terceiro informe, do 03.05.2022, ratifica o exposto anteriormente.





O promotor, na súa terceira resposta (do 21.06.2022) comunica a decisión de eliminar os dous aeroxeradores máis próximos ao camiño de Santiago a consecuencia do informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

- Augas de Galicia, comeza o seu informe do 20.01.2022 expoñendo o obxecto do proxecto, os antecedentes e a lexislación aplicable, para logo facer unha análise da documentación do expediente. A continuación procede a informar sobre diferentes aspectos. Respecto á rede fluvial indica que discorren próximos ás actuacións o río Xallas e os seus tributarios: río do Vacarreiro, río de Mazaricos, rego de Gundián, rego de Santa Mariña e os tributarios deste último entre os que destaca o río Chancela. Así meso o encoro da Fervenza atópase a uns 2,3 km do parque. A continuación detalla as afeccións ao medio hídrico das instalacións proxectadas. Continúa o informe indicando as zonas protexidas recollidas no Plan hidrolóxico Galicia-Costa e a presenza de 4 zonas de captación para abastecemento humano localizadas a menos de 500 m das obras. Respecto das zonas inundables, informa das afeccións causadas polo proxecto e da lexislación aplicable. Por último resalta unha serie de actuacións susceptibles de causar afeccións ao medio hídrico e enumera unha serie de condicións particulares, para rematar concluíndo que non é previsible que o proxecto poida causar impactos ambientais significativos, tendo en conta as medidas protectoras e correctoras que o promotor prevé adoptar no documento ambiental e as consideracións a tal efecto referidas no informe.

O promotor, na súa resposta do 10.02.2022, xustifica as afeccións enumeradas no informe de Augas de Galicia e indica as medidas a implantar.

- A Axencia Turismo de Galicia emite o 28.01.2022 un breve informe no que considera que o proxecto produce un impacto global significativo e que, dado o alcance das actuacións, é necesario que o estudo de impacto turístico inclúa unha serie de información, indicada no mesmo informe.

O promotor, na súa resposta, achega o documento *Estudio de impacto turístico. Parque eólico A Picota II. Febrero 2022*.

A Axencia Turismo de Galicia, no seu segundo informe do 07.04.2022, conclúe que o impacto que terá o proxecto no turismo rural local, así como na súa contorna, será reducido, e que deberá ser atenuado polas medidas compensatorias e correctivas desta DIA. Por último indica que os elementos arqueolóxicos existentes deben ser analizados dende o punto de vista patrimonial. Consta no expediente resposta do promotor do 23.05.2022.

- A Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, emite o 09.12.2022 un informe en relación aos efectos derivados da vulnerabilidade do proxecto do parque eólico A Picota II. Tras a revisión da documentación achegada, estima que o risco de accidentes graves ou catástrofes é baixo. Tamén indica que no caso de que a actividade estea recollida no anexo I do Decreto 171/2010, do 1 de outubro, sobre plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia, deberá contar co correspondente plan de autoprotección elaborado por técnico competente, que acompañará á restante documentación necesaria para o outorgamento da licenza, permiso ou autorización, previamente á autorización de inicio da actividade por parte da autoridade competente. Como resposta, o promotor toma nota das indicacións e comprométese a elaborar o devandito plan.
- A Dirección Xeral de Saúde Pública, emite o 29.09.2022 un extenso informe no que realiza unha avaliación do proxecto desde os seguintes puntos de vista: caracterización da poboación en situación de risco, determinación dos potenciais perigos e identificación das posibles vías de exposición. O informe conclúe que non se recolle información ou esta é insuficiente para algúns aspectos que poden ter repercusións sobre a saúde da poboación, polo que estima necesario que o promotor o complete.

En resposta ao informe da dirección xeral, o promotor achega un documento no que da resposta aos requirimentos feitos pola mesma e diversa documentación complementaria. Esta





documentación conta cun novo informe da Dirección Xeral de Saúde Pública do 16.12.2022 no que condicionan o sentido favorable do mesmo á presentación previo inicio de obras dunha serie de documentación. Consta no expediente resposta do promotor do 02.01.2023.

- No tocante ás alegacións con contido ambiental, no expedientes constan as presentadas por 8 asociacións e 12 particulares.

Unha parte do contido das alegacións non reviste carácter ambiental, referíndose a cuestións alleas ao ámbito competencial do órgano ambiental (Plan sectorial eólico, afeccións económicas, etcétera). No que se refire exclusivamente aos aspectos ambientais (impacto ambiental en xeral), e sen prexuízo das aclaracións ou informacións achegadas polo promotor nas súas respostas ás ditas alegacións, refírense a cuestións que son tidas en conta polos correspondentes órganos competentes.





3. PROPOSTA

Logo de finalizar a análise técnica do expediente de avaliación de impacto ambiental e á vista do que se desprende dos informes da Dirección Xeral de Patrimonio Natural en canto aos impactos acusados do proxecto sobre o patrimonio natural e a biodiversidade a causa dos efectos sinérxicos e acumulativos, considérase que a actuación proxectada non é ambientalmente viable, polo que se propón formular unha declaración de impacto ambiental desfavorable para o proxecto.

Juan Manuel Camiño Soto
Subdirector xeral de Avaliación Ambiental
(asinado electronicamente)

RESOLVE

Formular a declaración de impacto ambiental do parque eólico A Picota II, nos termos propostos polo Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos, en cumprimento do disposto no artigo 41 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

Esta declaración de impacto ambiental farase pública a través do Diario Oficial de Galicia e da páxina web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, e remitiráselle ao órgano substantivo para os efectos que correspondan no marco do procedemento de autorización.

De acordo co artigo 41.4 da lei de avaliación ambiental, a declaración de impacto ambiental non será obxecto de recurso sen prexuízo dos que, se é o caso, procedan na vía administrativa e xudicial fronte o acto polo que se autoriza o proxecto.

Santiago de Compostela, na data de sinatura electrónica

Sagrario Pérez Castellanos
Directora Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático
(asinado electronicamente)

